

REQUISITOS PARA A CORRECTA EMISIÓN DO FONEMA /RR/

ROTACISMO

1.- Exercicios Respiratorios

- Realizar unha inspiración nasal lenta e profunda. Espiración rápida e continuada.
- Inspiración nasal lenta e profunda dilatando as ventás nasais. Retención de aire. Espiración rápida e continua.
- Inspiración nasal rápida. Retención aire. Espiración bucal rápida e continua coa boca aberta.

2.- Exercicios Logocinéticos (só cando haxa que traballar a tonicidade lingual)

- Dobra-la punta da lingua cara arriba e cara atrás, con axuda dos incisivos superiores.
- Dobra-la punta da lingua cara abaixo e cara atrás con axuda dos incisivos inferiores.
- Situa-la lingua nos incisivos inferiores por diante.
- Leva-la punta da lingua arriba, estando o resto dela en sentido horizontal.
- Dar golpes na cara anterior e posterior dos incisivos superiores, rapidamente, coa punta da lingua.
- Ensanchala lingua entre os dentes.
- Lingua ancha entre os beizos e face-la vibrar con rapidez.
- Relamber os dentes de arriba por detrás.
- Deslizar a punta da lingua polo padal
- Chasquear a lingua

3.- Exercicios de posición de órganos fonoarticulatorios

As arcadas dentarias atópanse separadas. Os beizos toman a posición da vocal que segue a emisión do fonema. A lingua situase apoiándose o ápice nos alvéolos superiores e con

algunha forza os bordes laterais apoiaranse na cara interna dos molares superiores e con algunha forza os bordes laterais apoiaranse na cara interna dos molares superiores, formando así unha oclusión total. A lingua sitúase ancha e plana.

4.- Exercicios da emisión illada do fonema

- Partirase da emisión da vibrante simple /R/, facéndoa prolongada e con intensidade de vos baixa. Durante a emisión presionarase as meixelas facendo ir o queixo cara o mesmo que os beizos, aproximándose o fonema /RR/
- Partindo do fonema /R/, emitir arararararara...., tras unha inspiración profunda. Logo orororororororororororo..., urururururururu.... iriririri....
- Se emite algún sinfón de /R/ como BR TR PR.. partirase deste para conseguir o son /RR/ prolongando paulatinamente a emisión da vibrante.
Exemplo: tr, trr, trrr, trrrrrrrrr...
- Emitir o fonema /R/ en posición inversa, prolongando dita emisión: ar, arr, arrr, arrrr...
- Articular rapidamente la,la,la,la,la...
- Articular rapidamente o fonema /T/ t,t,t,t,t,t... partimos dunha emisión profunda e colocase a posición tipo do fonema /T/ presionando fortemente coa punta da lingua sobre a parte posterior dos incisivos superiores de maneira que o expulsar o aire a punta da lingua vibre. A continuación faise o mesmo exercicio sen fonación, prolongando cada vez mais a vibración e conseguindo o fonema /RR/
- Articular rapidamente o fonema /d/ d,d,d,d...coa punta da lingua hacia atras no paladar.
- Combinar os exercicios anteriores t,d,t,d,t,d....
- Articulación das palabras nas que o /R/, forma parte da sílaba átona.(toro, mira, era, cura...)

- Repetilo exercicio anterior facendo que pase de vocal forte a tónica débil (María, sería, ferido...)
- Aproveitar a proximidade do /L/ para provocar /R/ (alelí, alelé, alelú...)
- Facer son onomatopéicos: son dunha moto (brrrrrrr, brrrr), son dun timbre (rrrrring, rrrrrring)...

5.- Repetición de sílabas combinadas

- Rarra, rarró, rorrá, rerrí,(Mirar fotocopias)
- Raná, ranó, ranú, rená...
- Relá. Rolá. Rulá....

6.- Repetición de palabras en posición inicial, media e final

Lectura de palabras co fonema /RR/ ao principio, ao final, en medio de palabra.

6.- Repetición de frases que leven o fonema /RR/

Lectura de frases co fonema /RR/ ao principio, ao final, en medio de palabra.

7.- Repetición e lectura de versos, adiviñas, trabalinguas...